

**Acta núm. 20/2021.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 14 de setembro de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

María Rosa Romero Fariña.

José Luis Sampedro Bouzas.

Sandy Marie Cebral Gómez.

Non asiste: Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 14 de setembro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2021, DO 03.08.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) PRÓRROGA DE COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).
- 5º) PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2021, DO 03.08.2021.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 03.08.2021, acta núm. 19/2021.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO PIÑEIRO CASTRO, na que comunica que vai reparar e revestir as fachadas da vivenda de Mourentáns 56, Viceso, con pintura, para garantir as condicións de conservación, estanquidade e illamento da edificación.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 1674408NH2417S0001BY) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural, en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2) do PXOM e atópase dentro da zona de protección da estrada DP-1302.

A Xunta de Goberno Local, á vista da declaración responsable presentada polo interesado no Servizo de Vías e Obras, da Deputación Provincial da Coruña o 02.08.2021 e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,90 euros.

Total: 23,90 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DARIO SALTEIRO GUERRA, na que comunica que vai reparar o aleiro da cuberta da vivenda de Guitiande 32, Os Ánxeles, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7352102NH2475S0001XL) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM, sitúase dentro da aldea de Guitiande, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como AE4, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,90 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,47 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALFREDO SANTOS CONDE, na que comunica que vai construír un peche en Chave de Ponte 23, coas seguintes características:

- Os peches laterais de separación coas parcelas lindantes, aproximadamente 102 metros lineais, con bloque de formigón e reixa metálica.

- O peche en contacto coa vía pública, aproximadamente 37 metros lineais, con bloques de formigón forrados de pedra.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 9212317NH2491S0001OT) emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura máxima da parte cega do peche será de 1,20 metros e a altura máxima total do peche será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 5,50 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 95,63 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 160,20 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para executar obras de desmantelamento das instalacións da planta de GLP (propano) GLP-Q71-15 (50099316) sita na Urbanización Agronovo, formada por tres depósitos horizontais de 19.000 litros (57.000 litros de capacidade total), baleirados e inertizados polos servizos de mantemento, segundo proxecto de execución asinado pola enxeñeira técnica industrial Alejandra Risco Barba, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Madrid o 20/07/2021, visado número 2107058/01.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 6346101NH2464N0001ID) está clasificada como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC-3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se produzan sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 271,17 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 335,74 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Celestina López Morte, que di actuar en representación de NEDGIA GALICIA S.A., na que solicita licenza para reparar o respiradoiro e a toma de potencial existente na rede de gas, para o que será necesario a apertura dunha cala de 1x1x1 metros, en Adoufe, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2) e sitúase na calzada da estrada AC-304 de titularidade autonómica.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña, (expediente IF204A/AC/2021/0191) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imporase un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 304,20 €, que deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 0,84 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 65,41 euros.

#### **CUARTO.- PRÓRROGA COMUNICACIÓN PREVIA (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA DEL CARMEN LIÑARES REY, na que solicita prórroga do prazo de remate das obras de mantemento e conservación da vivenda sita en Cirro 18, San Salvador.

A Xunta de Goberno Local con data 05.08.2020, tomou coñecemento e autorizou as obras de mantemento da vivenda de Cirro 18, San Salvador, pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o remate das obras.

#### **QUINTO.- PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA INMACULADA COLLAZO PÉREZ, na que solicita prórroga do prazo de inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Soigrex 44, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local con data 24.11.2020, concedeu licenza de obra a María Inmaculada Collazo Pérez e Ramón Agrafojo Figueira para construír unha vivenda unifamiliar en Soigrex 44, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Juan Sebastián Lareo Sánchez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 14.07.2020 e documentación complementaria visada o 10.11.2020.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, para o inicio das obras.

#### **SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JORGE RAMÓN SAA GARCÍA e JULIA GRACIELA ROMANO NOYA, na que solicitan licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de Adoufe 21, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echevarría, visado o 08.01.2021 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (n.r.e.: 2100049).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6853112NH2465S0000DF) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2), e atópase no entorno de protección do Cruceiro de Adoufe, incluído no catálogo do PXOM coa clave identificativa AC1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo de Patrimonio Cultural de data 11.08.2021 (expediente 974/21) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echevarría, visado o 08.01.2021 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (n.r.e.: 2100049).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (35 m<sup>2</sup>), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 35 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 6 de setembro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.665,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.761,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Cristina Mourelle Vázquez, que di actuar en representación de JULIAN FARIÑA PIÑEIRO e PATRICIA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, na que solicitan licenza para construír dúas vivendas unifamiliares pareadas en Brans de Abaixo 36 e 37, Brión, segundo proxecto de execución asinado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez, visado o 22.06.2021 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (expte. núm. 2101207).

As parcelas onde se pretenden realizar as obras (referencias catastrais 7268432NH2476N0000LR e 7268433NH2476N0000TR) atópanse clasificadas como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e sitúanse dentro da zona de policía do rego de Ameneiro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 29.07.2021 (clave DH.W15.77346), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución asinado pola arquitecta Cristina Mourelle Vázquez, visado o 22.06.2021 polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (expte. núm. 2101207).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (24,79 m<sup>2</sup> e 25,00 m<sup>2</sup>, respectivamente), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberá aportar aos efectos aval por un importe de 1.800,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para as dúas vivendas unifamiliares non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en

calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberán solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 24,79 m<sup>2</sup> e 25,00 m<sup>2</sup>, respectivamente, destinados a vias fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 6 de setembro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 12.187,30 euros.
  - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 309,64 euros.
- Total: 12.496,94 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Álvaro Núñez Ferreiro, que di actuar en representación de SAN RIAN SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, de solicitude de licenza para ampliación dunha explotación gandeira (vacún de leite) mediante a construción dunha nave para vacún de leite e fosa de xurro no lugar de Mourentáns, Viceso, en solo rústico, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Álvaro Núñez Ferreiro, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 13.09.2021 (núm. expte 20210659) e o proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Álvaro Núñez Ferreiro o 07.09.2021.

As parcelas onde se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 15013A010001370000UH e 15013A010001440000UY), están situadas en solo clasificado polo PXOM como rústico, segundo disposto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais á construción e ao uso autorizado, segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.
- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Álvaro Núñez Ferreiro, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 13.09.2021 (núm. expte 20210659) e o proxecto técnico de prevención e defensa contra incendios forestais asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Álvaro Núñez Ferreiro o 07.09.2021.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional:12.611,65 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas:6.323,68 euros.
- Total: 18.935,33 euros.

#### **SÉTIMO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Francisco Javier Amenedo Ansede, que di actuar en representación de ENCARNACIÓN DOMÍNGUEZ PINTOS, na que comunica o inicio da actividade de perruquería no Balneario do Tremo, Bloque A-Local 4, Os Ánxeles.

A edificación onde se vai a exercer a actividade atópase dentro dun ámbito de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe de Espina e Delfín emitido o 30.07.2021, a declaración responsable da interesada do 26.07.2021 ( r.e. núm. 2100, do 28.07.2021) e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal no que sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación o 01.07.2021 e o 19.08.2021, por unanimidade acorda:



1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar o funcionamento da actividade destinada a perruquería no Balneario do Tremo, Bloque A-Local 4, Os Ánxeles , deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenza de actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

#### **OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González